



AXUDAS PARA O PLAN MADRUGA 2017

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Co obxecto de axudar ás familias a conciliar a vida familiar e laboral, o Concello de Vilagarcía de Arousa convoca axudas ás Asociacións de Nais e Pais de Vilagarcía de Arousa para o financiamento do plan Madruga, de acordo coas seguintes

BASES DA CONVOCATORIA DE SUBVENCIONS PARA O FINANCIAMENTO DO PLAN MADRUGA NOS CENTROS SOSTIDOS CON FONDOS PÚBLICOS DE EDUCACIÓN INFANTIL E PRIMARIA DE VILAGARCÍA DE AROUSA DO ANO 2017

Artigo 1.- OBXECTO

O obxecto da presente convocatoria é o financiamento dos gastos que se derivan da realización do Plan Madruga nos centros sostidos con fondos públicos de Educación Infantil e Primaria de Vilagarcía de Arousa.

A actividade a subvencionar é un Obradoiro de Mañá para que os pais e nais que o precisen poidan deixar os seus fillos, a partir das 8,00 h, no centro educativo, durante o curso escolar.

Os rapaces serán atendidos por persoal especializado e realizarán actividades como pintura, lectura, reciclaxe ou xogos tradicionais

Artigo 2. BENEFICIARIOS

Poderán ser beneficiarios destas axudas as Asociación de Pais e Nais legalmente constituídas dos centros sostidos con fondos públicos de Educación Infantil e Primaria de Vilagarcía de Arousa que promovan o servizo do Plan Madruga no ano 2017

Artigo 3.- PERÍODO

As axudas financiarán o servizo prestado dende xaneiro ata xuño e dende setembro ata decembro do ano 2017.



Establécese unha convocatoria aberta para cada un deses dous períodos de meses consecutivos, conforme o artigo 59 do RLXS.

No caso de que o servizo non se prestara tódolos días por mor das vacacións escolares, a axuda será prorrateada en consecuencia.

Artigo 4- CONTÍA DAS AXUDAS

O importe máximo da axuda será de 100 €/mes no que se preste o servizo e para cada Asociación de Pais e Nais.

Ao financiamento da 1ª convocatoria (para o período que abrangue de xaneiro a xuño), destinaranse 6.000 € e para a segunda, (de setembro a decembro), 4.000 €.

Esas cantidades serán adxudicadas ás entidades solicitantes en función do número de solicitudes presentadas para cada período, e co límite máximo de 100 €/mes para cada unha delas.

No caso de que as axudas concedidas dentro da 1ª convocatoria (período de xaneiro a xuño) non esgoten os 6.000 €, o sobrante será engadido no crédito destinada á segunda convocatoria (actividades de setembro a decembro), de conformidade co estipulado no artigo 59 do RLXS.

Artigo 5.- USUARIOS DO SERVICIO

Non se precisa un número mínimo de usuarios do servizo.

Artigo 6.- SOLICITUDES

6.1. As solicitudes poderán obterse no departamento de Educación e no servizo de información municipal e tamén se poderán descargar na páxina web do Concello de Vilagarcía de Arousa no enderezo electrónico www.vilagarcia.es e terán que ser presentadas no Rexistro Xeral do Concello de Vilagarcía de Arousa.

6.2. O prazo de presentación será, para a 1ª convocatoria, respecto dos meses de xaneiro a xuño, dende o 18 de maio ao 9 de xuño. E para a 2ª convocatoria, que se refire as actividades



dos meses de setembro a decembro, o prazo será dende o 15 de setembro ata o 15 de outubro.

6.3. Documentación a presentar:

Impreso de solicitude segundo o modelo que figura como ANEXO I, xunto con:

- Certificación expedida polo secretario ou secretaria da entidade solicitante, de que a persoa que asina a solicitude é a representante legal da entidade.
- Fotocopia DNI do/da representante da entidade.
- Fotocopia do NIF da entidade.

Artigo 7.- PROCEDIMIENTO PARA A CONCESIÓN DA SUBVENCIÓN

7.1 Incoación do expediente. O procedemento iniciarase previa solicitude do/a interesado/a, e impulsarase de oficio en todos os seus trámites.

7.2 Órgano competente para a instrución. O órgano competente para a instrución dos expedientes será o departamento de Educación do Concello de Vilagarcía de Arousa, que verificará que a instancia presentada se atope correctamente cumprimentada e asinada, e acompañada da documentación que resulte preceptiva de acordo co disposto no artigo 6 das presentes bases reguladoras

7.3 Corrección de defectos na solicitude. Se a solicitude non reúne os requisitos que lle foran esixibles, o órgano instrutor requirirá ao/á interesado/a para que emende os defectos no prazo máximo e improrrogable de dez días hábiles dende a notificación, advertíndolle que, de non realizalo no tempo e forma prevista, poderase ter por desistido. Neste último caso, previa resolución ditada ao efecto e debidamente motivada.

7.4 Informes, avaliación de solicitudes e outras actuacións. Non habendo defectos emendables ou, de habelos, se tiveran corrixido en tempo e forma, continuarase coa instrución do expediente. O órgano instrutor realizará de oficio todas cantas actuacións estime necesarias para a determinación, coñecemento e aprobación dos datos que sirvan de base á resolución do acordo ao disposto na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (RD 887/2006 de 21 de xullo) e nas presentes bases reguladoras. En particular, poderá solicitar cantos informes foran necesarios para fundamentar a resolución ou foran



esixibles pola normativa vixente, que en todo caso terán carácter facultativo e non vinculante e deberán ser remitidos nun prazo non superior a dez días, así como poderá avaliar as solicitudes conforme aos criterios contidos nas presentes bases reguladoras.

7.5 Proposta para resolución. A proposta de resolución para cada unha das dúas convocatorias deberá expresar a relación de entidades solicitantes para os que se propón a concesión da subvención e a súa contía por mes.

O expediente de concesión conterá o informe do órgano instructor no que conste que da información que obra no seu poder, despréndese que o/a beneficiario/a cumpre con todos os requisitos necesarios para acceder ás mesmas.

7.6 Notificación da proposta. O órgano de instrución notificará a proposta de resolución ás entidades interesadas que foran excluídas como beneficiarios/as na fase de instrución, mediante notificación por correo electrónico, aos efectos de presentar as alegacións ou enmendadas oportunas no prazo máximo de quince días, transcorridos os cales, o Concello de Vilagarcía de Arousa entenderá que o solicitante renuncia á axuda.

7.7 Resolución. O órgano competente para a resolución definitiva do expediente será a Xunta de Goberno Local, previo informe do departamento de Educación e a proposta da delegación de Educación. A resolución da Xunta de Goberno Local porá fin ao procedemento mediante resolución motivada, de acordo ao previsto no artigo 89 da Lei de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común (en adiante LRXAP-PAC) e con fundamento nos criterios que se conteñen na lexislación vixente e nas presentes bases reguladoras.

A resolución expresará a contía total das axudas e a cantidade concedida a cada entidade para cada mes.

No caso da resolución da 1ª convocatoria, indicárase ademais, e no seu caso, o crédito non esgotado e que pasará a incrementar o dispoñible para a 2ª convocatoria, conforme o estipulado no artigo 4 destas bases.

7.8 Prazo máximo de resolución. O prazo máximo para resolver as solicitudes



presentadas en cada unha das dúas convocatorias será dun mes a partir da data na que remate cada unha delas.

A resolución do procedemento notificarase aos/ás interesados/as de acordo co previsto no artigo 58 da LRJAP-PAC, a cuxos efectos bastará practicar a notificación de acordo co previsto no artigo 59 do mesmo texto legal, no domicilio ou correo electrónico que a entidade interesada tivera sinalado ao efecto no momento de cursar a súa solicitude. En todo caso, a resolución será publicada nos taboleiros de anuncios do Concello de Vilagarcía de Arousa e na páxina web do Concello de Vilagarcía de Arousa.

7.9 Recursos. A resolución que poña fin ao expediente esgotará a vía administrativa, de maneira que a entidade interesada poderá interpoñer contra dita resolución, potestativamente e a súa elección, recurso de reposición ante o mesmo órgano administrativo que ditou a resolución no prazo máximo de tres meses contado a partir do seguinte día a súa notificación, ou ben directamente recurso Contencioso-Administrativo ante os Xulgados ou Tribunais do Contencioso-administrativo, neste caso, no prazo máximo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da súa notificación.

Artigo 8.- XUSTIFICACIÓN

A xustificación das axudas concedidas realizarase entre o 20 de xuño e o 31 de xullo, para a 1ª convocatoria, e do 1 ao 24 de decembro, para a segunda.

A documentación a presentar é a seguinte:

1. Conta xustificativa que conterà:
 - a. Memoria de actuación con descrición do desenvolvemento da actividade subvencionada realizada.
 - b. Memoria económica xustificativa do custo (ANEXO II) das actividades realizadas que conterà:
 - i. Relación dos gastos con identificación da factura, importe e provedor.
 - ii. Relación detalladas dos ingresos con que se financiou a actividade e das subvencións obtidas de calquera administración ou entidade.
 - c. Facturas orixinais ou fotocopia compulsada das mesmas, cos requisitos establecidos no R.D. 1496/2003. Como mínimo conterán:



- i. nº de factura e indicación expresa de que se trata dunha factura, lugar e data de emisión.
 - ii. Denominación social, nif e domicilio de quen expide a factura e do destinatario
 - iii. Descrición e data de realización da operación.
 - iv. Importe, desglose do IVE con indicación do tipo aplicable e total. Non se admitirán facturas no que se faga constar “IVE incluído”.
 - v. Recargos, descontos e retencións aplicables.
- d. Ademais deberá acreditarse o seu pagamento da seguinte forma:
- i. En todas as facturas deberá aparecer conxuntamente as seguintes indicacións:
 - ii. “pagado” ou “recibín”
 - iii. data do pago
 - iv. firma e identificación da mesma (dni ou nome completo de que asina)
 - v. Selo da empresa.
 - vi. Cando a factura teña sido pagada mediante transferencia bancaria ou talón deberá aportarse extracto bancario que xustifique a transferencia ou ingreso na conta do beneficiario.
- e. No caso de gastos imputables á actividade, como nóminas ou porcentaxes de facturas, deberán acompañarse estas de informe onde se certifique a porcentaxe aplicable á actividade.

2.- Calquera outra documentación que sexa requirida por Intervención, en función das características especiais da subvención.

3.- Certificación bancaria do número de conta

4.- Certificación expedida polo secretario ou secretaria da entidade solicitante, de que a persoa que asina a solicitude é a representante legal da entidade, no caso de que non sexa o mesmo que asinou a solicitude.

5.- Fotocopia DNI do/da representante da entidade, se non é quen asinou a solicitude.

6.- Rexistros diarios dos usuarios do servizo (copia compulsada ou orixinais), relacionados no artigo 5 destas bases.

Artigo 8.- FINANCIACIÓN



As obrigas económicas que se derivan da presente convocatoria imputaranse á aplicación 320-481, da Concellería de Educación, do orzamento municipal de 2017, por un importe máximo de 10.000 €.

DISPOSICIÓN ADICIONAL PRIMEIRA

Para todo o non disposto nestas bases estarase ó disposto na Lei 9/2007, de subvencións de Galicia.

ANEXOS

O contido destas bases e os anexos expóranse na páxina web do Concello de Vilagarcía de Arousa: www.vilagarcia.es

Vilagarcía de Arousa, a 9 de maio de 2017.

O ALCALDE-PRESIDENTE

Asdo.: Alberto Varela Paz



SUBVENCIÓNS PARA O FINANCIAMENTO DO PLAN MADRUGA NOS CENTROS PÚBLICOS
DE EDUCACIÓN INFANTIL E PRIMARIA DE VILAGARCÍA DE AROUSA

ANEXO I

D/Dna. _____, con D.N.I.
_____, en calidade de _____ da Asociación de Nais
e Pais do centro público _____,
con N.I.F. _____

SOLICITA:

Unha axuda económica para o financiamento do Plan Madruga nese centro, durante os meses de setembro a decembro de 2017, ao abeiro das BASES DA CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓNS PARA O FINANCIAMENTO DO PLAN MADRUGA NOS CENTROS DE EDUCACIÓN INFANTIL E PRIMARIA DE VILAGARCÍA DE AROUSA 2017, aprobadas pola Xunta de Goberno Municipal celebrada o día 2 de maio de 2017.

En Vilagarcía de Arousa, a _____ de _____ de 2017.

Asdo.: _____

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA



SUBVENCIONES PARA O FINANCIAMENTO DO PLAN MADRUGA NOS CENTROS PÚBLICOS
DE EDUCACIÓN INFANTIL E PRIMARIA DE VILAGARCÍA DE AROUSA

ANEXO II

DON/DONA con D.N.I. número como representante da
Entidade con N.I.F.

DECLARO:

- Esta Entidade:
 NON solicitou ou se lle concederon outras axudas ou subvencions para a financiación do Plan Madruga.
 SI solicitou ou se lle concederon as axudas que a seguir se relacionan para a financiación do Plan Madruga:

ORGANISMO OU ENTIDADE CONCEDENTE	IMPORTE

- Esta entidade está ó corrente coas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.
- Esta entidade non está incurso en ningún suposto de prohibición ou incompatibilidade para a percepción de axudas públicas enumeradas no artigo 10 da Lei 9/2007 de 13 de Xuño, de subvencions de Galicia.

E para que así conste, ós efectos de concesión de subvención, asino a presente en

Vilagarcía de Arousa, a de de 2017

Asdo./

